

Relato sobre o desencontro entre os animais e o ser humano

Bailando con londras

Por VÍCTOR CAAMAÑO RIVAS

Existen moitos animais que resultan tremendamente atractivos para o ser humano. Se é espectacular a súa visión a través dun documental, é cando gozamos deles en directo cando nos damos de conta da enorme atracción que nos causa a súa presenza.

Vivimos nun lugar onde somos o animal dominante e cada vez é menos habitual coincidir con certas especies que noutro tempo non moi lonxano eran abundantes. Desexamos crer que a convivencia con outras especies é posible pero a experiencia demostra que a presión que o ser humano está ocasionando sobre o medio natural fai inviable a supervivencia de moitos animais cos que convivimos nun estado de desencontro permanente.

Hai anos chegara ata nós a noticia de que en Cambados, no crebaondas do porto de San Tomé, vivía unha parella de londras e que algún animal da nosa especie estaba tentando cazalas. Recordo que fixen algunha visita ó crebaondas coa ilusión de observalas e gozar da súa compañía, pero como era de esperar non o conseguín. Xa se sabe que nestes casos, máis que do azar, a observación de mamíferos salvaxes depende, sobre todo, do número de veces que tentes velos. É, polo tanto, unha cuestión estatística.

Algúns anos despois, paseando por San Tomé achegouseme un mariñeiro que me formulou unha especie de petición. Dixome: —¿Ti es dos ecoloxistas, verdade? Respondín afirmativamente. Continuou:

—Tedes que avisar ós da Xunta de que hai dúas parellas de londras no porto de San Tomé e que un veciño proponse cazalas para logo disecalas. E seguiu:

—Ademais hai perigo de que queden e n m a -

liadas nos tramallos que algúns mariñeiros están botando á beira do crebaondas aínda que non está permitido.

Ben, vou aclarar algunhas cousas: Con respecto ó de "avisar ós da Xunta", ese ente formado por moitas consellerías e un só xefe verdadeiro, o CES deu aviso por unha banda á Consellería de Pesca da arte empregada ilegalmente nas proximidades do porto e por outra banda comunicou á Consellería de Medio Ambiente da presenza de londras no lugar e das malas intencións dalgún veciño. Non chegamos a saber se estes avisos foron realmente efectivos. E con respecto ás malas artes que algunhas persoas utilizan na vida, que a ninguén lle sone a ciencia ficción, é real, actual e moi indicativo da conciencia ambiental e social que todavía impera no lugar.

Hai dous veráns encontreime de novo co citado mariñeiro, o cal me comentou que había de novo dúas parellas de londras con cadansúa cría pola zona. Tamén me contou con certa emoción e asombro que esa mesma mañán, cedo, as vira nadando tranquilamente no interior do porto, deslizándose e rompendo a superficie da auga co seu harmonioso movemento. As londras son mamíferos de hábitos nocturnos pero en primavera e verán adoitan xogar e pescar no mencer e no solpor.



Ilustracións: Encarna González "Niño"



Unhas noites despois volví a coincidir co defensor das londras que con ton grave e apesadumbrado díxome que un veciño matara a dúas delas e as outras xa non se vían polo lugar.

Por moito que tente aclarar as miñas ideas ante esta situación non sei que pensar e só chego a unha conclusión que resulta evidente: "cando un animal se encontra con outro animal chamado humano sempre sae mal parado o primeiro".

Esta historia continuou o pasado ano. Contratei unha empresa para facer unha chapuciña na miña casa. Os empregados eran antigos coñecidos. Un deles sempre foi un conversador ameno e cun gran sentido do humor. Este comezou a falar dicíndome:

— ¡Que!, ¿xa vendéchedes a lancha?

Eu respondín que non sabía de que lancha me estaba a falar. Entendín que utilizaba a segunda persoa do plural para referirse ós ecoloxistas dos que sabía que eu formaba parte. E concluí que a referida lancha era en realidade da Consellería de Medio Ambiente. Resulta que entre moitos veciños do Salnés dáse unha confusión moi habitual pois non conseguen discernir a diferenza entre ecoloxista e empregado da Consellería de Medio Ambiente.

Ben, o antigo coñecido seguiu dicíndome que el tamén era un amante da natureza aínda que me acabou confesando, con certo sentido de culpabilidade, que de cando en vez practicaba algún tipo de pesca ilegal e que tamén era cazador. Quero aclarar que a pesar de todo a min paréceme un bo tipo; xa sabedes, son un brando. Conforme seguimos falando, a conversa tornouse máis interesante.

Nun momento dado contoume que moitas tardes do verán ía pescar con cana ó porto de Tragoive (pero con licenza e todo legal, como ten que ser) e que a cotío compartía esta paraxe cun grupo de londras. Quedei gratamente sorprendido de que a historia das londras en Cambados continuara. Contoume algunhas anécdotas tremendamente interesantes como aquela na que un compañeiro pescaba metido no mar coa auga polos nocellos

mentres unha londra nadaba confiadamente entre os seus pés. E outra na que nunha ocasión mentres estaba pescando escoitaba un son repetitivo como se alguén estivera golpeando algo contra unha pedra. Achegouse ó lugar de onde procedía o son e en plena tarde observou no varadoiro, oculta pola sombra do porto, como unha londra trataba de romper un cangrexo contra a rocha. A súa curiosa conclusión sobre estes feitos era que había tanta abundancia de londras porque as soltara a Xunta e que ademais eran animais tan mansos porque estaban amaestrados.

Ben, as explicacións son así de simples; a primeira está moi extendida pola poboación e cada vez que unha especie semella ser abundante sempre foi a Xunta a que a soltou previamente. A segunda é máis difícil de entender pois non me imaxino a ningún funcionario da Consellería de Medio Ambiente amaestrando londras para que despois naden entre as pernas dos pescadores. A verdade é que estes animais unha vez saciado o seu apetito adoitan adicar moito tempo ó xogo e ó divertimento.

Para rematar o relato contoume con certa tristura como un amigo lle mostrara un exemplar de londra que levaba morto no coche porque o atropelara a noite anterior. Falaba impresionado da tremenda beleza que emanaba daquel exemplar de case un metro de lonxitude cunha pel mesta e brillante con reflexos irisados.

Este último feito non é estraño nin casual; é, como dicía ó comezo do relato, pura estatística. As londras que nos visitan esporadicamente ou que viven a cotío entre nós son en xeral pouco abundantes e nesta zona tan poboadá será predecible algún encontro casual entre londra e ser humano. Quizais mellor que de encontros a estas situacións habería que calificarlas de desencontros porque na maioría das ocasións os contactos acaban sendo negativos para os animais. A londra, de noite, aventúrase, cruza a estrada e de xeito involuntario é atropelada por un coche. Deixando á marxe a intencionalidade, o resultado da convivencia cos humanos nunca resulta positiva para os animais, e polo tanto se eu fose unha londra tentaría non vivir preto deles.

Ilustracións: Mon Daporita

